



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**Asunto:** Acordo da non división en lotes do investimento “MELLORA DE VIAL MUNICIPAL NO LUGAR DO CARBALLAL NA PARROQUIA DE TRABA – CONCELLO DE LAXE” incluído no POS+ 2021

**Núm. Expte. Admvo:** 2021/A008/000011

**Expte. Decretos núm.:** 2021/G003/000050

Visto que a Deputación Provincial da Coruña convocou as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS + 2021 (publicado no BOP núm. 205, do 01/12/2020), modificación das bases publicada no BOP núm. 225, de 31/12/2020.

Visto que de acordo co disposto nas ditas Bases, na Base 5.B.3.4, para a solicitude de obras ou subministros, entre a documentación a enviar debe achegarse a Resolución ou acordo do órgano de contratación dispoñendo motivadamente a non división en lotes do investimento (anexo IX).

Visto o informe do enxeñeiro técnico industrial, D. Jesús Manuel Mallo Puga, redactor do proxecto técnico de “Mellora de vial municipal no Lugar do Carballal na parroquia de Traba – Concello de Laxe” de data 26/01/2021, no que informa que este investimento pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.

Esta Alcaldía, de acordo coas atribucións conferidas pola normativa vixente,

#### RESOLVE:

**Primeiro.-** Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto/prego que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 cos datos que se indican:

DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	<b>Mellora de vial municipal no Lugar do Carballal na parroquia de Traba – Concello de Laxe</b>
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	<b>68.613,33 €</b>

**Segundo.-** De acordo co informe emitido polo redactor do proxecto con data do 26/01/2021, esta decisión de non dividir o obxecto do proxecto en lotes está xustificada en que, este investimento pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.

**Terceiro.-** Remitir certificación deste acordo á Deputación Provincial da Coruña.

Mándao e asínao, en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde D. José Luís Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fe.

O alcalde,  
José Luís Pérez Añón

A secretaria-interventora,  
Begoña Carrasco García

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)